

D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_ con DNI N<sup>o</sup>: \_\_\_\_\_Enderezo: Rúa \_\_\_\_\_ N<sup>o</sup> \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_ Poboación \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_

**AUTORIZO a** \_\_\_\_\_ para que participe no *Programa municipal Vigo Inclusivo*, conforme ás datas que constan na solicitude que achego. Fago extensiva esta autorización, no caso de urxencia, co consentimento e prescrición facultativa, á toma de decisións médico-cirúrxicas no caso de que sexa imposible a miña localización nese tempo de decisión. Así mesmo, asumo a responsabilidade dos accidentes que poidan xurdir, alleos á competencia do persoal responsable da atención.

No caso de telo solicitado, autorizo tamén o uso do transporte que o Concello de Vigo e a organización do Programa estipulen.

Ademais:

SÍ AUTORIZO  NON AUTORIZO  a utilización e reprodución nos medios de comunicación social das imaxes obtidas do meu/miña fillo/filla (ou tutelado/a) durante a realización das diferentes actividades que integran o Programa, así como por parte do Concello de Vigo e as asociacións participantes (Abertal) con fins divulgativos.

SÍ AUTORIZO  NON AUTORIZO  a utilización desas imaxes para a edición de álbums fotográficos nos que se recollerán as dos/as diferentes usuarios/as das actividades do Programa.

Vigo, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da LO.3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes e os que resulten da relación establecida coa Admón. serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é atender as solicitudes realizadas, manter a relación cos/coas solicitantes e coas persoas responsables de levar a cabo as actividades do Programa Vigo Inclusivo Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexítimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as ou das persoas representantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)